

NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entrega os premios literarios “Rosa de Cen Follas”

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2016- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia fará entrega mañá martes 13 de decembro dos premios literarios “Rosa de Cen Follas”. O concurso, convocado polo COPG, cumpre xa a súa novena edición.

Na modalidade de poesía, a galardoada este ano é Rocío Leira Castro cun texto titulado “Desparramar os reloxos”, mentres que na categoría de narrativa, a autora recoñecida é Charo Cuba Penabad, pola súa peza “Herdanza”. Será a decana do COPG, María Rosa Álvarez, quen fará entrega dos recoñecementos, e as gañadoras serán convidadas a ler as súas pezas ás persoas asistentes.

Neste ano o xurado outorgou cadansúa mención especial en ambas categorías. Na de narrativa foi parar a “Non me lembro do seu nome”, escrito por Sandra Cereijo Romero, mentres que na de poesía foi merecedor “Aguías e barcos”, por Miguel A. Alonso Fernández.

O acto comezará ás 20:00 horas, na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, situado na rúa Espiñeira, número 10 (Baixo), en Santiago de Compostela.

Saúdos,

Se desexan solicitar **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal